



ESTRANXEIRISMOS |

ESTRANXEIRISMO

Denomínase estranxeirismo as palabras que pertencen a outra lingua.

Unha lingua pode tomar prestadas palabras doutra en dúas ocasións:

A) Hai un baleiro na lingua para referirse a un concepto novo ou descoñecido nesa cultura.
Ex: jazz.

B) Xa existen outras palabras para designar a ese referente. *Ex: parking//aparcadoiro.*

Ao mesmo tempo, estas palabras prestadas poden manter a súa grafía ou pronunciación orixinais (**estranxeirismo puro**), ou pode adaptarse á lingua que o acolle (**estranxeirismo adaptado**).

Ex: ballet vs. champán

Nalgúns casos hai estranxeirismos que levan tanto tempo na súa lingua, que xa se consideran palabras propias desa lingua. *Ex: chocolate, xampú ou piano.*

SON BOS PARA A LINGUA?

- Os extranxeirismos existen en todas as linguas, xa que deste xeito se enriquecen e enchen baleiros e poden facer referencia a obxectos, costumes ou realidades novas, por exemplo, *canoas*, *furacán* ou *cacao* foron palabras traídas a partir do descubrimento de América, xa que ningún deses referentes existían previamente en Galicia (non había necesidade de crear un nome para eles).
- Non obstante, cando se introducen sen necesidade e xa existe un termo para a realidade á que fai referencia, a lingua empobrécese.
- ***Ticket, sponsor, hobby, basket....* Son realmente necesarias?**

ESTRANXEIRISMOS NO GALEGO

En galego, os principais estranxeirismos son dos seguintes tipos:

1. xermanismo, do alemán e outras linguas xermánicas;
2. arabismo, do árabe;
3. galicismo, do francés;
4. lusismo, do portugués
5. castelanismo, do castelán;
6. anglicismo, do inglés;
7. americanismos, das linguas precolombinas, como o quechua ou o guaraní.

CASTELANISMOS

Os castelanismos son aqueles estranxeirismos que proceden do español (ou castelán).

Normalmente cando falamos de estranxeirismos, pensamos no léxico, pero estes poden afectar tamén a outras áreas da lingua:

- **Castelanismos fonéticos:** por exemplo, non realizar a diferenza entre e/o abertos e pechados.
- **Castelanismos ortográficos:** boda*, cobarde*, armonía*, esbelto*, abogado*, atmósfera*...
- **Castelanismos morfosintácticos:** por exemplo, o cambio no xénero das palabras: *a sangue** (*la sangre*), *o arte** (*el arte*), *a leite** (*la leche*), *o pantasma** (*el fantasma*), *o paisaxe** (*el paisaje*)...ou o uso de preposición *a* na perífrase de futuridade *ir+infinitivo*: *imos a ver unha película**

CASTELANISMOS NO LÉXICO

Nas interferencias léxicas do castelán podemos distinguir varios graos:

- Conviven unha forma castelá e outra autóctona para o mesmo referente:

Ex: *Lágrima/bágoa; regalo/agasallo; recordar/lembrar*

- Falsas adaptacións que dan lugar a híbridos: *conexo**, *lentexa**, *xaula**
- Castelanismo pleno: *rodilla**, *cuchara**, *ovillo**, *carretera**
- Castelanismos aceptados: *tortilla*, *guerrilla*, *bocadillo*...

LEMBRA!

Para indicar que unha palabra procede doutra lingua, en textos impresos é moi frecuente reproducir os estranxeirismos sen adaptar (iso é, os barbarismos) en letra cursiva (aínda que tamén se poden empregar comiñas).

Ex: O mércores merquei uns *jeans* nun *outlet* da miña vila e bebín un *whisky* nun *pub*.

IDENTIFICA DE QUE TIPO SON ESTES CASTELANISMOS. CORRÍXEOS CANDO SEXA NECESARIO:

1. Tiña confianza en que iba a ganar moitos cartos nalgún lugar lexos de aquí.
2. Cal é o plato que che gusta máis: a tortilla ou o conexo con lechuga?
3. Na porta da igrexa había unha parexa de noivos que celebraban a súa boda.
4. A niebla non deixaba ver a carreteira desde a ventana.
5. Aínda recordo o regalo que me fixeches as Navidades pasadas.
6. As lágrimas caían polos seus labios roxos.
7. Colleu as lentexas coa cuchara e puxo a leite nunha taza.
8. Preparou un zumo de naranxa mentras admiraba o paisaxe.
9. Co ovillo de lana fixo un bonito abrigo e un par de guantes.